

Historia.

Monforte de Lemos nace hai máis de dous mil anos, cando os Lemavos, unha das tribos castrexas que habitaban Galicia na época da conquista romana, ocupaba o castro Dactonio na ladeira do monte de San Vicente.

Dende entón foron moitos os acontecementos e personaxes que foron escribindo a súa historia. A Idade Media foi a época dourada da poboación. Gran parte da historia e do patrimonio da localidade forxáronse grazas á familia Castro, titular do Condado de Lemos. Deles proveñen moitas das súas construcións máis emblemáticas e valiosas obras de arte. No S. XIX a chegada do ferrocarril a Galicia converte á localidade no nó ferroviario máis importante da comunidade, xerando un tráfico de mercadorías e persoas que impulsou a economía da cidade.

Dende finais do S. XX prodúcese una revalorización da viticultura que culmina coa creación da Denominación de Orixe Ribeira Sacra e con Monforte como capital da mesma.

Paisaxe.

Monforte é un municipio de contrastes paisaxísticos. A maior parte da súa superficie atópase no Val de Lemos, amplo e chan, exceptuando algúns pequenos montes. Zigzagueando entre eles, numerosos ríos e regatos sucun o terreo en busca do máis importante de todos eles, o río Cabe. Ao seu paso pola cidade presenta un aspecto apracible e amigable, deixando fermosas imaxes e mesmo un tramo navegable moi transitado en época estival.

Ao sur, en cambio, as abruptas e profundas paredes rochosas dos canóns do Sil descenden cara ao río cubertas polos milenarios viñedos de Amandi.



Río Cabe

Mosteiro de San Vicente

Colexio de Nosa Señora a Antiga. — arquitectura

T. contacto: 982 404 715

Visita guiada: 3.50€.

Martes a venres: só grupos de 8 ou máis persoas baixo reserva previa.

Sábado: 12:30h e 16:30h / Domingo: 11:30h

O cardeal Rodrigo de Castro propulsou esta obra en terreos cedidos polo concello. O edificio proxectouse coa intención de convertelo en centro cultural e museo, ademais de panteón familiar. Nos seus inicios e ata o ano 1767 estivo rexentado pola Compañía de Xesús. Ao longo do tempo tivo distintos usos, sendo o máis ilustre o de Real Seminario de Estudos. Colexio do Cardeal, da Compañía ou dos Escolapios son os nomes polos que popularmente é coñecido.



Colexio de Nosa Señora a Antiga

Gastronomía.

Os excelentes produtos da zona están presentes nunha oferta gastronómica ampla e variada. O famoso polbo á feira, a empanada e outros pratos típicos tradicionais convivem en cunha cociña máis moderna, ofrecendo unha variada oferta baseada nos excelentes produtos da zona.

A apreciada tenreira galega ten na Comarca de Lemos o seu máximo expoñente. Numerosos restaurantes e varias zonas de tapas conforman un amplo abano que satisfará tódolos gustos e padais.



Convento de Sta. Clara

Convento de Sta. Clara. — arquitectura relixiosa

Coñecido popularmente como convento das Clarisas e habitado pola Orde das Franciscanas Descalzas, é a construción máis relevante na marxe dereita do río.

Atópase aos pés da ponte medieval, que durante a Idade Media era o único lugar polo que se podía cruzar-lo río, sendo un dos puntos con máis tránsito da cidade medieval.



Museo de Arte Sacra. — museos

Visita guiada: 6€

T. Contacto: 982 401 544 / 606 548 044

Martes: 11:00h y 18:00h / Domingos e festivos: 12:00h e 17:30h / Luns, mércores, xoves, venres e sábado: 11:00h e 17:30h.

É un dos museos de arte sacra máis importantes de España. Foi inaugurado en 1977 tras acondicionar as estancias que antigamente ocupaba a enfermería do convento, na parte esquerda do complexo.

Tradición.

Hai tradicións fortemente arraigadas, entre as que destacan a viticultura e o calzado. A relación de Monforte de Lemos coas ribeiras de Amandi remóntase moitos séculos atrás. O poder do mosteiro de San Vicente e do Condado de Lemos está directamente ligado á explotación deste recurso, que ademais de servir para abastecer aos seus propios habitantes xeraba importantes excedentes cos que se podía comerciar e obter beneficios.

Hoxe en día, Amandi segue sendo o buque insignia da Ribeira Sacra. Por outra banda, a fabricación de calzado procede da Idade Media. Sábese que no burgo medieval había unha rúa chamada Zapaterías. Primeiro de forma artesá e despois en fábricas, o oficio de zapateiro tivo sempre gran presenza no Val de Lemos.

Hoxe en día, varias firmas seguen mantendo a tradición e pugnan por poñer o calzado monfortino entre os mellores do mundo.



Museo de Arte Sacra

Festividades.

Á poboación de Monforte e dos arredores gústalle ser partícipe das festas máis arraigadas e populares do concello. Todas contan cun amplo seguimento, dende as máis multitudinarias, como as festas patronais de agosto, as de Santo Antonio en xuño ou as de San Lázaro en primavera, ata as máis divertidas como o Entroido ou a romaría de San Mateu en setembro, pasando por diversas celebracións en torno á Virxe de Montserrat e outros actos relixiosos.


Pero non deixan de sumarse eventos á axenda monfortina, sendo o máis recente deles o Festival do Viño da Ribeira Sacra, unha feira do viño moderna e vangardista. O evento de cine FanCine de Lemos ou o musical Festival do Paradiso son outras das propostas recentes e enfocadas a un público actual.



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

www.monfortedelemos.es
turismo@concellodemonforte.com

Monforte de Lemos
Plano - Guía - Gall



Arquitectura

- 1. Torre da Homenaxe
- 2. Muralla Medieval
- 3. Porta Nova
- 4. Porta da Alcazaba
- 5. Nosa Señora a Antiga
- 6. Ponte Nova
- 7. Ponte Vella

Arquitectura Relixiosa

- 8. Mosteiro beneditino de San Vicente do Pino
- 9. Igrexa de San Vicente do Pino
- 10. Igrexa de Santa María da Régoa
- 11. Convento de Santa Clara
- 12. Igrexa de Ribas Altas
- 12. Igrexa de Baamorto

Rúas e Barrios

- A. Zona de ámbito xudeu
- B. Rúas Falagueira, Zapaterías e Pescaderías
- C. Rúa A Calexa
- D. Praza Doutor Goyanes e rúas Doutor Casares e Comercio
- E. Praza de España
- F. Praza de Abastos e rúas Doutor Teijeiro e Bailén
- G. Rúa Cardeal Rodrigo de Castro
- H. Campo de Santo Antonio
- I. Praza da Estación

Espazos de Ocio

- J. Campo da Compañía
- K. Parque dos Condes
- L. Río Cabe
- M. Club Fluvial
- N. Amandi

Miradores

- 14. Monte de San Vicente
- 15. Mirador do Duque

Museos

- 16. Centro do Viño da Ribeira Sacra
- 17. Museo de Arte Sacra
- 18. Museo do Ferrocarril

Pazos e Palacios

- 19. Palacio dos Condes de Lemos
- 20. Pazo Muiños de Antero
- 21. Pazo de Tor